

PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. CURSO 2022/2023

I. REFERENCIAS LEGAIS

- **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro** (DOG do 11/02/2022), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 12 de marzo del 2013** (DOG 15/03/2013), reguladora do procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.
- **Orde do 25 de xaneiro de 2017** (DOG 1/02/17), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- **Orde do 18 de decembro de 2020** (DOG 22/12/2020), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- **Lei 39/2015, do 1 de outubro**, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

II. CALENDARIO (de acordo coa disposición adicional primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.)

- **Antes do 1 de marzo** sorteo público a efectos de desempate e publicación dos postos escolares vacantes nos centros docentes.
- **Do 1 ao 21 de marzo**, ambos inclusive: prazo de presentación das solicitudes de admisión.
O proceso de admisión de alumnado tramitase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>).
As solicitudes de admisión de alumnado realízanse mediante o formulario **ED550B**, que se cubrirá preferiblemente na aplicación *admisionalumnado* e presentarase na Sede Electrónica (sede.xunta.gal) ou de forma presencial, no centro escollido en primeiro lugar.
A solicitude será única e pode conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia. No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria de postos escolares regulado no capítulo IV desta orde.
- **Do 24 de marzo a 6 de abril** presentarase a documentación acreditativa dos criterios do baremo, **únicamente nos centros** nos que exista **máis demanda que oferta** de postos escolares.
- **Antes do 25 de abril**: publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos, ordeadas segundo a orde de puntuación obtida e onde consten as puntuacións asignadas por cada criterio.
Reclamación no prazo de **5 días hábiles** contados a partir da súa publicación, ante o **consello escolar** no caso dos centros públicos e ante o titular no caso de centros privados concertados.
- **Antes do 15 de maio**: publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos.
Impugnación das listaxes definitivas:
No caso de centros públicos, as persoas interesadas poderán interpoñer **recurso de alzada**. No caso de centros privados concertados, poderán formular unha **reclamación**. En ambos casos, **ante o Xefe Territorial no prazo dun mes** contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- **Do 20 ao 30 de xuño**: formalización da matrícula no centro asignado en E. infantil e primaria.
- **Do 25 de xuño ao 10 de xullo**: formalización da matrícula en ESO e bacharelato.

ADXUDICACIÓN SUBSIDIARIA DE POSTOS ESCOLARES

Cando a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar na súa solicitude, será baremada de forma sucesiva para cada un dos centros solicitados nos que existan postos vacantes, seguindo a orde de preferencia manifestada na solicitude, para determinar a súa puntuación no centro concreto conforme os criterios de baremo.

Se logo de valorar os criterios de baremo xustificadas polo alumnado en todos os centros indicados na súa solicitude, as puntuacións acadadas nos respectivos centros non lle permitisen obter posto escolar en ningún deles, a comisión de escolarización proporá a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización nun centro sustentado con fondos públicos.

A fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares será xestionada a través da aplicación informática *admisionalumnado*.

ADMISIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A solicitude de admisión deberá presentarse na forma e prazo establecido na orde que regula o proceso, e ademais, nais, pais ou representantes legais deberán manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para

alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.

Xunto á solicitude deberán achegar a documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficias competentes.

III. DOCUMENTOS NECESARIOS PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE MATRÍCULA

Deberáse **achegar coa solicitude de admisión a documentación seguinte:**

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta;
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a. (libro de familia ou DNI);
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Documentos que cómpre presentar en caso de que exista máis demanda que oferta de postos escolares:

<p>Acreditación de irmás/irmáns matriculados no centro</p> <ul style="list-style-type: none"> Fotocopia completa do libro ou libros de familia Fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social (no caso de menores en situación de acollemento)
<p>Acreditación do domicilio familiar na área de influencia do centro ou na área limítrofe</p> <ul style="list-style-type: none"> Certificado do padrón municipal expedido no ano actual (antigüidade no padrón mínima dun ano) <p>Se non coincidise o domicilio familiar co fiscal, deberá presentar a documentación complementaria seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> Copia auténtica do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar. Contrato de alta e recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa solicitante na vivenda declarada como domicilio familiar.
<p>Acreditación do lugar de traballo da nai, pai ou titor/a legal na área de influencia ou na área limítrofe</p> <ul style="list-style-type: none"> Documento expedido para o efecto polo empregador, xunto cunha copia do contrato de traballo (para traballadores/as por conta allea) Alta censal inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as modificacións posteriores e as altas na Tesourería Xeral no Réxime de Seguridade Social (para traballadores/as por conta propia) Certificado da Xefatura de Persoal correspondente (para persoal ao servizo das administracións públicas)
<p>(*) Acreditación da renda anual da unidade familiar</p> <ul style="list-style-type: none"> No caso en que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña dos datos tributarios das persoas integrantes da unidade familiar, estas deberán achegar unha certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada unha delas que permita aplicar o baremo.
<p>Acreditación de nai ou pai, titora ou titor legal que traballe no centro educativo</p> <ul style="list-style-type: none"> Documento acreditativo expedido polo propio centro educativo
<p>(*) Acreditación da condición de familia numerosa</p> <ul style="list-style-type: none"> Fotocopia do título oficial de familia numerosa en vigor ou do carné familiar galego ou da copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.
<p>Acreditación da condición de familia monoparental</p> <ul style="list-style-type: none"> Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.
<p>(*) Acreditación da condición de discapacidade⁽¹⁾</p> <ul style="list-style-type: none"> Certificado do ditame sobre discapacidade igual ou superior ao 33% no alumno/a, pai, nai, titor/a legal ou irmáns emitido polo órgano competente da Administración pública.
<p>Acreditación para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo</p> <ul style="list-style-type: none"> Documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficias competentes.

(*) Só cando denegue a súa consulta automática de datos fiscais pola Consellería de Educación.

(1) Asimesmo, terá esta consideración a percepción da pensión da Seg. Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

IV. VALORACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS DO BAREMO

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Existencia de irmáns/irmás matriculados/as no centro	
Un/ha irmán/ irmá matriculado/a no centro	8 puntos
Segundo e seguintes irmáns matriculados no centro	2 puntos por irmán/a
Puntuación máxima neste criterio 14 puntos	
(*) Proximidade ao centro do domicilio familiar ou do lugar de traballo	
Domicilio familiar na área de influencia do centro	8 puntos
Domicilio familiar nas áreas limítrofes	4 puntos
Lugar de traballo na área de influencia do centro	6 puntos
Lugar de traballo nas áreas limítrofes	3 puntos
Renda anual da unidade familiar con referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM do 2020: 6.454,03€ -12 pagas/7.519,59€-14 pagas.)	
Ingresos inferiores 0,50 veces ao IPREM	3 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,50 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior o IPREM	1 punto
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos
Persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro (con independencia de que traballen ambas)	3 puntos
Familia numerosa	
Familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Irmáns/ás nados/as nun parto múltiple (sempre que soliciten no mesmo centro)	
Dous/duas irmáns/ás	8 puntos
Máis de dous/duas	10 puntos
Familia monoparental	
Condición de familia monoparental	2 puntos
Discapacidade igual ou superior ao 33%	
Alumno/a	4 puntos
Persoa proxenitora, titora ou acolladora o novo cónxuxe	3 puntos
Irmáns/ás do alumno/a	1 punto por cada un
Puntuación máxima neste criterio 4 puntos	
Condición de vítima de violencia de xénero (de calquera dos membros computables da unidade familiar)	2 puntos
Condición de vítima de terrorismo (de calquera dos membros computables da unidade familiar)	2 puntos
Criterio complementario aprobado polo centro	1 punto

(*) O mapa das áreas de influencia editado polo Concello da Coruña (segundo as instrucións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade) pode ser consultado nos centros docentes da cidade, nos rexistros de María Pita, Fórum, Mesoiro e Ágora, nas Bibliotecas Municipais, no Centro Municipal de Información Xuvenil e na páxina web municipal: www.coruna.gal/educacion (Escolarización).

V. CRITERIOS DE DESEMPATE na puntuación final atendendo á seguinte orde de preferencia:

- Maior puntuación no apartado de ter irmás/irmáns matriculados no centro.
- Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
- Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
- Maior puntuación no apartado de persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro.
- Posuír a condición de familia numerosa.
- Maior puntuación por irmáns/ás nados/as nun parto múltiple
- Posuír a condición de familia monoparental
- Maior puntuación no apartado de discapacidade.
- Posuír a condición de vítima de violencia de xénero

- j) Posuir a condición de vítima de terrorismo
- k) Criterio establecido polo centro educativo

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, éste resolverase aplicando o resultado do sorteo público realizado na Consellería de Educación.

MÁIS INFORMACIÓN E CONSULTA DE DÚBIDAS:

- **Manual para o alumnado e as familias:**
https://www.edu.xunta.gal/axudaplicacion/files/admisionalumnado/manual_familias_admision_v05.pdf
- **Servizo Territorial de Inspección Educativa**, no Edificio administrativo de Monelos, pza. Luís Seoane, s/n.
Tfnos.: 981 184 797 / 981 184 787 / 981 184 778. Enderezo electrónico: inspeccion.coruna@edu.xunta.gal
- O alumnado e as familias **poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes** a través da aplicación informática «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o número do DNI da persoa solicitante.

RELACIÓN DE CENTROS

CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

CEIP **Alborada**: R. San José de Calasanz, 5A (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 881 961 192
CEIP Plurilingüe **Anxo da Garda**: R. Monte das Moas, 8-10. Tfno.: 881 960 778
CEIP **Cidade Vella**: R. Ferrerías, 1. Tfno.: 881 960 701
CEIP Plurilingüe **Concepción Arenal**: R. Marqués de Amboage, 2. Tfno.: 881 880 064
CEIP **Curros Enríquez**: R. Campo de Marte, s/n. Tfno.: 881 961 090
CEIP **Emilia Pardo Bazán**: Travesía dos Rosaís, 8. Tels.: 981 276 781/ 981 258 528
CEIP **Eusebio da Guarda**: Pza. de Pontevedra, 21. Tfno.: 981 229 264
CEIP **José Cornide Saavedra**: Avda. da Sardiñeira, s/n. Tfno.: 981 248 796
CEIP **Juan Fernández Latorre**: R. Casanova de Eirís, 26. Tfno.: 981 133 029
CEIP Plurilingüe **Labaca**: R. Juan Flórez, 114 – 116. Tfno.: 881 960 282
CEIP Plurilingüe **Manuel Murguía**: R. Obradoiro 11. Tfno.: 881 960 763
CEIP Plurilingüe **María Barbeito e Cerviño**: R. Alcalde Salorio Suárez, 28. Tfno.: 981 262 612
CEIP **María Pita**: Rolda de Camilo José Cela, 2 A (Elviña). Tfno.: 981 292 235
CEIP **Novo Mesoiro**: Rúa Fragas do Eume s/n. Tfno.: 881 961 235
CEIP **de Prácticas**: Paseo de Rolda, 47. Tfno.: 981 255 330
CEIP **Ramón de la Sagra**: Rolda de Camilo José Cela, 4. Tfno.: 981 280 208
CEIP **Raquel Camacho**: R. Antonio Pedreira Ríos, 13-15. Tfno.: 981 257 154
CEIP **Rosalía de Castro**: R. Río Avia, s/n. Tfno.: 881 960 245
CEIP **Sagrada Familia**: Rolda de Outeiro, 211. Tfno.: 881 960 316
CEIP **Sal Lence**: Avda. de Oza, 224. Tfno.: 881 880 820
CEIP **Salgado Torres**: Avda. Pablo Picasso, 2. (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 881 880 830
CEIP **San Francisco Xabier**: Rolda de Outeiro, 72 (zona da Cubela). Tfno.: 881 960 980
CEIP Plurilingüe **San Pedro de Visma**: R. Lagares, 12. (San Pedro de Visma). Tfno.: 881 960 787
CEIP **Sanjurjo de Carricarte**: Pza. de San Xosé, s/n. Tfno.: 981 202 120
CEIP Plurilingüe **Víctor López Seoane**: R. Vía Ártabra, s/n Tfno.: 881 960 653
CEIP Plurilingüe **Wenceslao Fernández Flórez**: Avda. do Ferrocarril, 17-19. Tfno.: 881 960 300
CEIP **Zalaeta**: R. Curros Enríquez, s/n. Tfno.: 981 211 747

COLEXIOS PRIVADOS CONCERTADOS

CPR Plurilingüe **Calasancias**: Estrada dos Fortes, 11. Tfno.: 981 256 429
CPR **Calasanz - PP. Escolapios**: Estrada dos Fortes, 10. Tfno.: 981 253 684
CPR **Cid**: Rolda de Nelle, 143. Tfno.: 981 255 244
CPR Plurilingüe **Compañía de María**: Avda. de Calvo Sotelo, 2. Tfno.: 981 250 350
CPR Plurilingüe **Marista Cristo Rey**: Elviña, 149. Tfno.: 981 287 530
CPR Plurilingüe **Esclavas del Sagrado Corazón de Jesús**: Paseo de Rolda, 57. Tfno.: 981 251 800
CPR Plurilingüe **Fogar de Santa Margarida**: R. Valle Inclán, 3. Tfno.: 981 251 090
CPR Plurilingüe **Grande Obra de Atocha**: R. Baltasar Pardal Vidal, 1 Tfno.: 981 222 542 / 981 201 785
CPR Plurilingüe **Hijas de Jesús**: Avda. de Nova York, 5. Tfno.: 981 285 877
CPR Plurilingüe **Karbo**: R. Ramón Cabanillas, 2 - 1º. Tfno.: 981 236 179 / 981 241 425
CPR Plurilingüe **Liceo la Paz**: Avda. de Sebastián Martínez Risco, 12. Tfno.: 981 286 299
CPR Plurilingüe **Montegrando**: Avda. de Nova York, 162. Tfno.: 881 092 993
CPR Plurilingüe **Padres Franciscanos**: Avda. de Calvo Sotelo, 41. Tfno.: 981 262 606
CPR Plurilingüe **Peñarredonda**: R. Xenebra, 3. Tfno.: 981 286 533
CPR Plurilingüe **Sagrado Corazón (Franciscanas)**: R. M.ª Ana Mogas Fontcuberta, 9. Tfno.: 981 293 250
CPR Plurilingüe **Salesiano San Juan Bosco**: R. Hospital, 14. Tfno.: 981 203 550
CPR Plurilingüe **Santa María del Mar**: Avda. do Pasaxe, 69. Tfno.: 981 283 000
CPR Plurilingüe **Santo Domingo**: praza de Santo Domingo, 1. Tfno.: 981 205 850